

Resolución pola que se acorda a desistencia do procedemento de selección CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS 11/2023 PARA COLABORAR EN ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN MEDIANTE CONTRATO EN RÉXIME TEMPORAL

FEITOS

PRIMEIRO: Por resolución da xerencia da Universidade de Santiago de Compostela (USC) do 3 de novembro de 2023 se convoca o Concurso público de méritos 11/2023, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, través do procedemento de contratación ordinaria.

SEGUNDO: Con data 3 de novembro de 2023 envíouse á Secretaría Xeral da USC solicitude de publicación da convocatoria 11/2023 no taboleiro electrónico da USC, que foi rexeditada con data 6 de novembro de 2023. Porén foi publicada na páxina web da USC.

TERCEIRO: Por erro, o día 7 de novembro de 2023 abriuse o prazo de presentación de solicitudes da convocatoria 11/2023, prazo que permaneceu aberto ata o 13 de novembro de 2023.

CUARTO: O artigo 10.1 do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da USC, establece que “*A publicación das convocatorias de concurso público realizarase, como mínimo, no Taboleiro Electrónico da Universidade e na web da vicerreitoría con competencias en investigación*”.

QUINTO: Á referida convocatoria pública, concorreron 139 solicitudes.

SEXTO: O día 16 de novembro de 2023 publícase a lista provisoria admitidos na devandita convocatoria.

SÉTIMO: Dado que non está resolta a adxudicación das prazas ofertadas na convocatoria 11/2023, a Universidade estima necesario desistir da convocatoria do concurso público de méritos 11/2023, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, través do procedemento de contratación ordinaria.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: O artigo 48 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón que:

<<1..Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder. 2. Non obstante, o defecto de forma solo determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin o dea lugar á indefensión dos interesados».

SEGUNDO: A Lei 39/2015 do 1 de outubro, establece no seu artigo 35.1 que serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de derecho os actos que acorden a desistencia pola Administración nos procedementos iniciados de oficio.

TERCEIRO: O desestimento de oficio por parte da Administración require a xustificación do motivo, de modo que se aclare calquera posible arbitrariedade e se garante que a actuación administrativa estea enfocada ao interese xeral, de conformidade coa xurisprudencia do Tribunal Supremo (sentencias do 16 abril 1999, RX 1999/4362 do 23 de xuño de 2003, RJ 4413, ou sentenza de 21 de setembro do ano 2006 RX 2006/6437).

O vicio detectado na convocatoria 11/2023 constitúe unha causa de anulabilidade toda vez que a non publicación da convocatoria no taboleiro electrónico, exixido no *artigo 10 do Regulamento de selección de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i da USC* (“*A publicación das convocatorias de concurso público realizarase, como mínimo, no Taboleiro Electrónico da Universidade e na web da vicerreitoría con competencias en investigación*”), constitúe unha infracción do ordenamento xurídico, e así mesmo, e un defecto de forma que pode provocar indefensión ás persoas interesadas.

CUARTO: Pola contra, hai que ter en conta que hai que garantir o dereitos das persoas que presentaron solicitude de participación da convocatoria, ao abeiro do artigo 51 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que “*O órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación de aqueles actos e trámites cuxo contido se mantivera igual de non cometerse a infracción*”.

QUINTO: O artigo 84 da devandita lei determina que porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao derecho en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade.

Á vista de todo o anterior, esta xerencia

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Desistir do procedemento de convocatoria do concurso público de méritos 11/2023, para a contratación de persoal investigador e de apoio á investigación no marco de actividades e programas de I+D+i, través do procedemento de contratación ordinaria, convocado por resolución da xerencia do 3 de novembro de 2023 polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos desta resolución.

SEGUNDO: Declarar terminado o procedemento administrativo procedendo ao seu arquivo, sen prexuízo da potestade de iniciar un novo procedemento coa mesma finalidade.

TERCEIRO: Declarar válidas as solicitudes presentadas entre o 7 e o 13 de novembro de 2023, de acordo co artigo 51 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que “*O órgano que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación de aqueles actos e trámites cuxo contido se mantivera igual de non cometese a infracción*”.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas

Santiago de Compostela,

(Resolución do 29/09/2023, DOG 05/10/2023)
O xerente,
Javier Ferreira Fernández
(Documento asinado dixitalmente)

TABOLEIRO ELECTRÓNICO

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 20/11/2023 12:55:51.

CSV: 9FDA-EB86-4256-B3D5